

Ana Isabel Vázquez Reboredo é actualmente directora xerente da Fundación Cidade da Cultura e anteriormente foi política, e profesora de inglés. Licenciada en filoloxía inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela, nada en Portas en 1976 e residente en Pontevedra dende hai máis dunha década.

Como profesora de inglés desempeñou o posto no Centro Asociado da UNED de Pontevedra desde o 2005 ata o 2011, e durante un ano do 2015 ó 2016, dando clases en diferentes niveis desde o curso de acceso á universidade, pasando pola diplomatura e logo grao de turismo, así como no centro de idiomas a distancia da mesma universidade. Anteriormente, tamén, foi profesora en empresas privadas.

Como política, foi concelleira do Partido Popular no concello de Pontevedra desde xuño do 2011 ata xuño do 2015 e Deputada provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra desde xullo do 2011 ata xullo do 2015, tendo como funcións principais a área de cultura da institución e o Museo de Pontevedra, así como todas as que tivesen ámbito de actuación o concello de Pontevedra.

En canto á formación, continúa a súa formación en idiomas, continuando, despois do inglés e francés, co alemán e coa finalización dos estudos de doutoramento.